

**Bases reguladoras da convocatoria pública para a incorporación de iniciativas culturais emprendedoras e desenvolvemento de proxectos para fins concorrentes cos obxectivos da Fundación Cidade na Cultura da Galicia, no Edificio Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura de Galicia**

**Resolución.**

Vista a acta asinada polos integrantes da Comisión de Valoración, no que se recolle, por cada proxecto, unha explicación e puntuación, acorde cos criterios de baremación contemplados nas bases.

Visto que o Regulamento de Réxime Interno do Centro de Emprendemento sinala:

*"Soamente serán admitidos proxectos que obteñan unha puntuación superior a 50 puntos en base ao desenvolvemento especificado, quedando excluídos os proxectos que non alcancen dita puntuación mínima. En caso de producirse empate entre dous ou máis proxectos, utilizarase como criterio de desempate a maior puntuación obtida no apartado "a" de cada un dos espazos."*

Considerando a proposta de resolución asinada polo órgano instrutor, no que, malia a limitación do Regulamento, dado que hai varios proxectos con moi pouca diferenza sobre os 50 puntos, é partidario dunha redución do limiar de aceptación, de xeito que poidan ser admitidos aqueles que superen os 25 puntos.

Igualmente, para o caso de empate de puntuacións, seguindo o establecido no regulamento, se no apartado a) existe igual puntuación, irase ao que teña máis puntuación no apartado b), logo, ao que teña maior puntuación no apartado c), e por último, ao que teña maior puntuación no apartado d).

En uso das facultades outorgadas polo Padroado da Fundación, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2016, e considerando a regulación contida nas bases aprobadas para a incorporación de iniciativas culturais emprendedoras e desenvolvemento de proxectos para fins concorrentes cos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura no Edificio Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura de Galicia, dítase a seguinte:

**RESOLUCIÓN**

**Primeiro.-** Incorporar os seguintes proxectos aos espazos do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura de Galicia, sobre a base da puntuación obtida pola Comisión de Valoración, e considerando a necesidade de cumprir un mínimo de valoración para a súa aceptación, que se considera nun 25% sobre o total dos puntos outorgados pola amentada Comisión.

**A) Entidades non lucrativas para fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos.**

Viveiros Planta -1. Entidades non lucrativas para fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos. 8 espazos individuais.



ENTIDADES	CONEXIÓN COAS LIÑAS TRABALLO FUNDACIÓN	ECONOMÍA SOCIAL	CARÁCTER CULTURAL E TECNOLÓXICO	CREACIÓN EMPREGO/Nº BENEFICIARIOS	TOTAL PUNTOS
ASOCIACIÓN CLUSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA	25	25	23	10	83
FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES	23	21	21	10	75
ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA)	25	10	22	10	67
FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA	20	10	20	10	60
ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA	18	25	5	10	58
ASOCIACIÓN CLUSTER DA FUNCIÓN LÓXISTICA DE GALICIA	18	20	10	10	58
FUNDACIÓN ACCIÓN CONTRA EL HAMBRE	8	21	5	10	44
GÁLIX (ASOCIACIÓN GALEGA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL)	20	0	20	0	40

### B) Entidades lucrativas con fins/programas concorrentes coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Viveiros Planta 0. Entidades lucrativas con fins/programas concorrentes coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia. 10 espazos individuais.

EMPRESAS/PROFESIONAIS	ADECUACIÓN E IMPLIACIÓN DO PROXECTO COA FUNDACIÓN	CARÁCTER INNOVADOR	ECONOMÍA SOCIAL	Nº BENEFICIARIOS POTENCIAIS	TOTAL PUNTOS
WORK ON SUNDAY SL	25	23	20	25	93
XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL SLL	20	20	20	18	78
SOMADROME FILMS SL	20	22	15	20	77
REVERSO COMUNICACIÓN SL	20	15	10	15	60
RUBÉN LÁZARO SILVA (V DE VIDEO)	20	23	0	10	53
ACADEMIA GALEGA DO VIÑO	10	15	15	10	50
SAMUEL DAVID BALTAR CERVIÑO	20	10	10	5	45
EMILIO LIÑARES NEGRO	15	15	5	10	45
NEWMIND INNOVATION SL	10	15	20	0	45
IMATIA INNOVATION SL	10	10	20	0	40

En lista de agarda (en función de baixas ou renuncias á incorporación do espazo):

EMPRESAS/PROFESIONAIS	ADECUACIÓN E IMPLIACIÓN DO PROXECTO COA FUNDACIÓN	CARÁCTER INNOVADOR	ECONOMÍA SOCIAL	Nº BENEFICIARIOS POTENCIAIS	TOTAL PUNTOS
DAVID GONZÁLEZ IGLESIAS (AGROCOMUNICACIÓN)	10	10	15	5	40
LARTEL SL	10	10	5	15	40
DIEGO LEONARDO PAZ OUVIÑA	15	15	5	0	35
BERTA REDONDO GONZÁLEZ	5	10	15	5	35

**Segundo.-** Non aceptar os seguintes proxectos, ao non acadar o mínimo de puntuación para a incorporación nos espazos:



ENTIDADES	CONEXIÓN COAS LIÑAS TRABALLO FUNDACIÓN	ECONOMÍA SOCIAL	CARÁCTER CULTURAL E TECNOLÓXICO	CREACIÓN EMPREGO/Nº BENEFICIARIOS	TOTAL PUNTOS
ACCIÓN GALEGA INTERCULTURAL (AGAIN)	2	4	0	10	16

ENTIDADES	ADECUACIÓN E IMPLICACIÓN DO PROXECTO COA FUNDACIÓN	CARÁCTER INNOVADOR	ECONOMÍA SOCIAL	Nº BENEFICIARIOS POTENCIAIS	TOTAL PUNTOS
SUSANA VÁZQUEZ PREGO	5	5	5	5	20

PROXECTOS EN FASE DE INICIO	CLARIDADE E AMPLITUDE DO PROXECTO	VIABILIDADE DO PLAN ECON- FINANCEIRO	CARÁCTER INNOVADOR IDEA NEGOCIO	EXPERIENCIA PROFESIONAL PREVIA E COÑECEMENTO SECTOR	TOTAL PUNTOS
FEDERICO ESTEBAN RUÍZ	10	0	0	5	15

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución a cada un dos solicitantes, xunto co Regulamento de réxime interno do Centro de Emprendemento, indicando que a data de incorporación para aqueles proxectos que foron aceptados e non figuran en lista de agarda está prevista, inicialmente, para o día 1 de marzo de 2023, debendo cumprir o sinalado, para a súa incorporación, no Regulamento de réxime interno de funcionamento do Centro de Emprendemento, especialmente o que atinxe á duración da cesión de espazos do CEM (artigo 29); constitución de garantía (artigo 30), facturación (artigo 31) e tarifas a aplicar aos seleccionados (anexo I). Tal e como sinala o artigo 30:

*“A incorporación efectiva do solicitante ao espazo só se producirá tras oportuna constitución da garantía, segundo os seguintes termos:*

*- Cando a garantía se constitúa entre o día 30 do mes anterior e o día 13 do mes presente, se entenderá que a data de efectiva incorporación ao espazo será o día 15.*

*- Cando a mesma se constitúa entre o día 14 e o día 29 do mes, se entenderá que a data efectiva de incorporación ao espazo será o día 1 do mes seguinte.*

*No caso de que non fose realizado devandito ingreso no prazo indicado, entenderase anulada a reserva formulada polo/a solicitante. No caso de que a autorización asinada pola Fundación incluíse algún condicionante, entenderase que coa constitución da garantía, acéptanse ditas condicións.”*

**Cuarto.-** Advertir de que, aos efectos de homoxeneizar o importe de constitución da garantía (artigo 30), considerando as pequenas variacións de superficie dos locais a asignar segundo o sinalado no apartado oitavo da presente resolución, para o cálculo das dúas mensualidades, terase en conta a cota establecida de 12,50 €/m<sup>2</sup>, por unha superficie estándar de 15 metros cadrados (**un total, por tanto, de 375,00 €**). Dita garantía deberá ser constituída no prazo de dez (10) días hábiles dende que o solicitante recibise comunicación da autorización de cesión de espazo.

**Quinto.-** Advertir aos seleccionados de que a constitución da garantía dentro do prazo, supón a aceptación expresa ao réxime de dereitos, obrigas e de funcionamento do Centro de



Emprendemento, así como ás tarifas e equipamentos contemplados para os espazos asignados.

**Sexto.-** Publicar a resolución, coa lisa dos proxectos seleccionados, na páxina web da Fundación: [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

**Sétimo.-** Comunicar o contido de dita resolución, conforme o Regulamento de réxime interno do CEM, aos seguintes cargos e departamentos, a nivel interno:

Director de Infraestruturas (Oficina Técnica); Deberá comunicarse ao Director os datos de identificación, permisos e servizos cos que contará á empresa ademais do lugar de ubicación dentro do CEM, co fin de proporcionarlle á empresa que se instala, un documento de coordinación de actividades obrigatorio segundo lexislación vixente.

Departamento Económico Financeiro: Deberá comunicarse ao departamento a información da empresa con fin de controlar a súa fianza, e a correcta facturación.

Departamento de Comunicación: Deberá comunicarse ao departamento a información da empresa con fin de actualizar a información web, a entrega de comunicación pública, a actualización de BBDD e o envío de mailings.

Secretariado do CEM: A efectos da entrega de chaves ou tarxetas, segundo o artigo 14 do Regulamento de réxime interno.

Responsable área TIC: A efectos de efectuar as conexións e altas na rede de comunicacións do espazo.

**Oitavo.-** Comunicar que a asignación de locais aos seleccionados terá en conta os seguintes criterios:

a).- Os actuais ocupantes dos espazos (viveiro planta -1, e viveiro planta 0), que resultasen seleccionados conforme a presente resolución, terán prioridade para seguir utilizando os devanditos espazos, sempre que estes se sitúen na área que corresponda segundo a tipoloxía (entidades sen fins lucrativos: planta -1; entidades lucrativas: planta 0).

b).- No caso de proxectos novos, proxectos que anteriormente ocupasen espazos na área de co-traballo, ou que estean ubicados en lugar que non se corresponda segundo tipoloxía, os seleccionados elixirán os novos espazos por orde e en función dos puntos acadados pola Comisión de Valoración.

De acordo co sinalado no artigo 9 das bases, contra a resolución de incorporación ao espazo poderán interpoñerse os recursos que procedan en dereito.

**En Santiago de Compostela a data de sinatura dixital  
A Directora-Xerente  
Fundación Cidade da Cultura de Galicia**

**Ana Isabel Vázquez Reboredo.**

